



57° GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL

REGULAMENTO

1. A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, xunto cos clubs de atletismo da delegación en Vigo da FGA, ca colaboración do **Concello de Vigo**, organiza o **57° GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL**, a disputar o **23 de decembro de 2018** en Vigo, baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces.
2. As carreiras disputaranse no circuíto urbano da Praza de Compostela e arredores detallado en plano adxunto, co seguinte **programa**:

Hora	Categoría		Distancia (aprox.)	Voltas	Cota
10:30	Sub10	2010-2011	0,645 km	1 A	Gratuíta
10:40	Sub12	2008-2009	1,29 km	2 A	Gratuíta
10:50	Sub14	2006-2007	1,94 km	3 A	Gratuíta
11:00	Sub16	2004-2005	2,58 km	4 A	Gratuíta
11:15	Sub18	2002-2003	5 km	1 B + 1 C	5,00 €
	Sub20	2000-2001			
	Sub23	1997-1998-1999			
	Sénior	1996 ata Máster			
	Máster 35	35 ata 39 anos cumpridos			
	Máster 40	40 ata 49 anos cumpridos			
	Máster 50	50 ata 59 anos cumpridos			
	Máster 60	60 ou máis anos cumpridos			
12:00	Entrega de premios				

3. Poderán participar **cantas persoas o desexen estean ou non federadas. Non poderán participar** atletas españois con **axuda económica da RFEA** nin atletas **estranxeiros** que houbesen realizado (durante a presente tempada ou as dúas anteriores) unha marca igual ou mellor a **950 puntos** de táboa IAAF, segundo recolle o artigo 3.4. do Regulamento para as competicións de Campo a Través, Marcha, Carreiras en estrada e reunións de pista cuberta e aire libre para competicións autonómicas da RFEA ⁽¹⁾. **Esta prohibición non afecta aos atletas que teñan licenza federativa pola FGA.**

(1) http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2019/06_ReglamentoCompeticiones.pdf

4. **Inscripción.** O prazo para a inscrición péchase o día 19 de decembro ás 24 horas. As inscricións farán constar: DNI (xuvenil e maiores), nome e apelidos, data de nacemento, equipo e no de licenza no caso de atletas federados. Formalizaranse en **Deportes Athletics** (Avenida de Balaídos 2, Vigo). Ou no formulario web dispoñible en **carreirasgalegas.com**.
5. **Entrega de dorsais.** Os atletas participarán cos dorsais con chip incluído que se entregarán en Deportes Athletics (Avenida de Balaídos 2, Vigo) o sábado 23 de 10:00 a 13:30 h e de 17:00 a 20:00 h. Ou ata media hora antes de cada carreira na secretaría da competición, situada no «Mesón Compostela», na mesma Praza de Compostela.
6. Haberá servizos de **consigna** e **duchas** no Real Club Náutico.
7. Establecese un límite de 40 minutos para completar a proba de 5 km. A partir de ese momento pecharase o control de chegada e quen permaneza no circuíto o fará baixo a súa responsabilidade seguindo as normas de circulación.
8. Nas rúas con beirarrúas estas non forman parte do recorrido.
9. Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.
10. **Premios.** Concederanse trofeos aos tres primeiros clasificados por cada categoría e sexo establecidas en cada carreira. Establécense ademais os seguintes premios en metálico para a **carreira absoluta de 5 km**:
da carreira masculina:
1º 300 €, 2º 150 €, 3º 100 €
e da carreira feminina:
1ª 300 €, 2ª 150 €, 3ª 100 €
11. As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.
12. Todo o non previsto neste regulamente se resolvera de acordo coas normativas da FGA, RFEA e IAAF vixentes, nese orden.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou

inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.